

NORMATIVA INTERNA E CRITERIOS DE SELECCIÓN DO ALUMNADO

1. SOBRE OS PROGRAMAS DE INTERCAMBIO

A Oficina de Relacións Internacionais (ORI) é a encargada de coordinar, centralizar e xestionar as actividades internacionais que se desenvolven na institución, relacionadas con programas de intercambio de formación de estudantes.

2. PROCESO DE SOLICITUDE

Para calquera dúbida sobre a convocatoria (impresos, prazos, bolsas...), os solicitantes deberán dirixirse directamente á ORI (Edificio Miralles; tfno.: 986 813 550; correo electrónico: ori@uvigo.es)

3. REQUISITOS XERAIS

Para información sobre os requisitos xerais para participar no programa consultar a resolución das Bases da Convocatoria ERASMUS da Universidade de Vigo

4. REQUISITOS ACADÉMICOS DA ESCOLA DE ENFERMERÍA

Estar en condicións de estudar 4º curso de Grao, ter aprobado todas as materias correspondentes aos tres primeiros semestres do plano de estudos e ter superado un mínimo de 24 créditos ECTS de prácticas clínicas, na data da convocatoria do intercambio.

5. CRITERIOS DE SELECCIÓN DE ESTUDANTES

A selección do alumnado da Escola de Enfermería de Pontevedra para o programa de mobilidade Erasmus será realizada polo responsable de Relacións Internacionais da Escola atendendo aos criterios establecidos na presente normativa que son os seguintes:

1. Maior número de créditos superado polo estudante no momento da convocatoria do intercambio
2. No caso de empate, a nota media do expediente no momento da convocatoria do intercambio.
3. No caso de empate, a nota media das materias cursadas nos tres primeiros semestres.

6. SELECCIÓN DE ESTUDANTES E ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS

Os estudantes seleccionaranse segundo os criterios detallados no punto anterior. Cada praza do programa ERASMUS adxudicáraselle ó estudante que teña maior puntuación.

7. PUBLICACIÓN DA RELACIÓN PROVISIONAL DE BOLSEIROS, ALEGACIÓNS E LISTA DEFINITIVA

A relación provisional de bolseiros seleccionados, enviarase á ORI para a súa publicación e o alumnado seguirá os procesos establecidos para presentar alegacións.

Unha vez finalizado este período, a ORI ditará unha resolución, na que ademais, se é o caso, se publicará unha lista de prazas libres non cubertas. Os alumnos en lista de espera ou excluídos poderán optar a algunha destas prazas dirixindo unha instancia á atención do director da Escola.

Delégase na dirección da Escola a resolución de tódalas incidencias que xurdan no procedemento de selección de estudantes para o programa ERASMUS.

A relación definitiva de bolseiros será remitida á ORI nos prazos establecidos na convocatoria ordinaria.

8. CONTRATO DE ESTUDOS PARA INTERCAMBIOS

Unha vez resolta a concesión de bolsas, a ORI publicará a resolución reitoral correspondente e enviará unha copia ás persoas responsables da mobilidade de estudantes dos centros. Os estudantes seleccionados deberán propoñer, coa colaboración e aceptación do responsable de Relacións Internacionais da Escola, o seu contrato de estudos (“learning agreement”).

O contrato de estudos incluírá as materias que se cursarán na universidade de destino, e a súa validación na universidade de partida (Universidade de Vigo). A data límite para a súa presentación quedará reflectida na convocatoria do programa correspondente.

Para o establecemento deste contrato, buscarase a máxima afinidade entre materias e de carga lectiva, establecendo como base de medida o crédito ECTS. O responsable de mobilidade poderá axudar ao estudante poda facer a escolla mais adecuada e viable. En ningún caso os recoñecementos realizados en anos anteriores sentarán precedente.

O estudante será o encargado de custodiar o orixinal do contrato ata que chegue á universidade de destino. Con posterioridade, durante o curso, este poderá solicitar por escrito ó responsable de Relacións Internacionais da Escola, modificacións, xustificadas, no contrato de estudos, que poderán ser autorizadas. Unha vez autorizados os cambios, modificarase o contrato, co visto bo do responsable de mobilidade, e o estudante imprimirá e fará asinar o contrato de estudos (inicial e con cambios) polos responsables da universidade de destino e deberá enviálo por correo ordinario de volta ó responsable de Relacións Internacionais da Escola. Os prazos para a realización de cambios no contrato indícanse na convocatoria de cada ano.

8. RECOÑECEMENTO DAS MATERIAS CURSADAS DURANTE O INTERCAMBIO

O recoñecemento académico só afectará a materias nas que o estudante se atope matriculado na Universidade de Vigo durante o curso académico en que realice o intercambio e que aparezan reflectidas no seu Contrato de Estudos (orixinal e modificacións). Este recoñecemento só será efectivo cando o estudante estea de volta na Universidade de Vigo. Os certificados coas cualificacións das materias cursadas na universidade de destino ("Transcript of Records") serán remitidos por estas directamente ao responsable de relacións internacionais da Escola de Enfermería

9. APLICACIÓN

A presente normativa entrará en vigor dende a súa aprobación, e a partir da convocatoria de prazas de intercambio para o curso 2014-15 en diante.

Pontevedra, 14 de xullo de 2014

Asdo.

María González García

M.^a Paz Diéguez Montes

Responsables de Relacións Internacionais da Escola Universitaria de Enfermería de Pontevedra